

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005701	CEIP Plurilingüe San Pedro de Visma	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	5º Inf.	5	175

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

O CEIP San Pedro de Visma está ubicado na periferia da cidade de A Coruña. A situación do alumnado é moi variada e procede dun amplo sector que implica grandes diferenzas culturais e socioeconómicas. Tamén conta con alumnos inmigrantes de diferentes países e de etnia xitana do barrio do Portiño.

A maioría do alumnado vive cerca do colexio polo que veñen ao centro a pé. Aínda así, existe unha pequena porcentaxe que acode ao mesmo facendo uso do transporte escolar.

A lingua máis usual nas familias é o castelán, sendo moi poucos os que se expresan en galego.

O centro ten habilitadas 18 unidades das que 6 son de Educación Infantil. Hai matriculados un total de 350 alumnos dos que 114 son desta etapa. A etapa conta con 6 titoras e 2 mestras de apoio .

Contamos coa ANPA do Centro, que organiza actividades no horario extraescolar.

A programación da área de Crecemento e Harmonía recolle os elementos curriculares que se traballarán ao longo do curso de 5º de EI co fin de que os nenos e as nenas coñezan, dominen e coiden o seu propio corpo. Esta construción involucra diversas dimensións interdependentes, como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade ou a convivencia.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por tarefas, actividades e exercicios. Consideremos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán coma centro de interese orientativo, pero que cada mestra ou mestre poderá adaptar a un tema máis concreto, sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos. Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto) en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1				1	1	1	
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1	1			1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable			1			1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos						1	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O NOSO DÍA A DÍA	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas co desenvolvemento do corpo e o manexo de útiles Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de movemento e control do corpo, motricidade fina, coordinación óculo manual, ademais de todo aquilo que se repite ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado	25	X	X	X
2	ASÍ SOMOS	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parta do autocoñecemento. Poderemos levar a a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións...	25	X		
3	ARTISTEANDO	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. A través das actividades programados coñeceremos sensacións, emocións,... e buscaremos o progresivo control dos diferentes útiles.	25	X		
4	ASÍ ÉRAMOS, ASÍ SOMOS E ASÍ SEREMOS	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presenta, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Desenvolveráanse actividades de xogo simbólico para a comprensión de outros xeitos de vivir.	25		X	
5	PLANTISTA	Nesta categoría traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura... Programaranse actividades que teñan coma finalidade o coidado e o respecto pola contorna natural.	25		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	ANIMALADAS	Nesta categoría incluímos os proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos. Buscaremos información sobre a forma de desprazarse dos animais, a súa alimentación ou reprodución en comparación coas nosas.	25			X
7	ONDE EU VIVO	Nesta categoría pódese incluír proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. As actividades irán encamiñadas á valoración e o respecto a nosa realidade.	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O NOSO DÍA A DÍA	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Controla o seu corpo en diferentes posturas e situacións motrices.	TI
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Adapta as súas posibilidades motrices ás actividades da vida cotiá e ao emprego de diferentes obxectos.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Axusta os seus movementos e habilidades manipulativas ao xogo dirixido e espontáneo	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Manexa diferentes útiles mostrando un control progresivo.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Participa en xogos de xeito activo	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Pide axuda tanto a adultos coma compañeiros/os.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Acepta as diferenzas individuais sen discriminar nos xogos e actividades colectivas.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Controla os útiles de maior uso	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta os tempos das actividades cotiás.	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Resolve problemas de xeito guiado, colaborando e aceptando as normas	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Participa en xogos e situacións da vida cotiá, mostrando iniciativa	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Respecta os tempos das actividades cotiás.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Relaciónase con outras persoas en xogos e actividades colectivas	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Interacciona coas demais persoas, nas súas actividades cotiás.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Resolve conflitos de forma positiva valorando os intereses dalgunhas persoas implicadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade.

Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado.
- Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas.
- Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións.
- Avance e control progresivo da motricidade fina.
- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.

UD	Título da UD	Duración
2	ASÍ SOMOS	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Realiza a representación do seu corpo coas súas partes máis importantes	TI
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma senlleira as sensacións que lle producen os seus sentidos	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece semellanzas e diferenzas nas persoas.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Iniciase no emprego de estratexias de xestión emocional para tolerar a frustración.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Recoñece hábitos saudables.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá.

Contidos

- Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.

UD	Título da UD	Duración
3	ARTISTEANDO	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma senlleira as sensacións que lle producen os seus sentidos	TI
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Mostra confianza nas súas posibilidades e recoñece ás súas limitacións.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Xestiona as súas emocións..	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre os seus gustos, preferencias e inqedanzas.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais, mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna. - Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	ASÍ ÉRAMOS, ASÍ SOMOS E ASÍ SEREMOS	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece semellanzas e diferenzas nas persoas.	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións no xogo simbólico, rexeitando os estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Fai algunha aportación sobre as normas sociais.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais, mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Descubrimiento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas.
- Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses.
- Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais.
- O xogo como ferramenta de exploración persoal.
- Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.
- Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.
- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	PLANTISTA	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma senlleira as sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre os seus gustos, preferencias e inquiredanzas.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

UD	Título da UD	Duración
6	ANIMALADAS	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Explica de forma senlleira as sensacións que lle producen os seus sentidos.	TI
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre os seus gustos, preferencias e inquedanzas.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Coidase e coida a contorna.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna. - Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - enfermidades. - Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

UD	Título da UD	Duración
7	ONDE EU VIVO	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Recoñece semellanzas e diferenzas nas persoas	TI
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Fai aportacións, de xeito guiado, sobre as súas emocións, sentimentos e vivencias..	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Acepta as normas evitando riscos	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Cóidase e coida a contorna.	
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Imita situacións no xogo simbólico, rexeitando os estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Escoita e respecta as aportacións sobre as normas sociais	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Participa en actividades culturais, mostrando interese por coñecelas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa.

Contidos

- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos.
- Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuizos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A intervención educativa na área de Crecemento en Harmonía buscará desenvolver no alumnado o máximo desenvolvemento axustándose ao seu momento evolutivo, respectando os ritmos e as características individuais e propoñendo situacións de aprendizaxe motivadoras. Estas situacións educativas promoverán a observación, a manipulación e a exploración dos nenos e das nenas desenvolvendo aspectos motrices que faciliten o avance na súa autonomía, tanto nos movementos coma nos desprazamentos, tomando conciencia do seu corpo e das súas partes para chegar paulatinamente á interiorización do esquema corporal.

Dentro da metodoloxía deste programación destacamos:

- A concepción de unidades didácticas coma proxectos nos que se intentará resolver un problema ou facer un produto social relevante. En todas as unidades, menos na primeira, haberá que levar a cabo actividades de pequenas investigacións e búsqueda de información, deseñar os pasos para chegar á meta definida, difundir o resultado e levar a cabo unha avaliación do proceso.
- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.
- Deben estar moi presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.
- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...
- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: Ordenador de aula, tablet de aula, proxector, conexión a internet, robots (escornabot, ozobot), reprodutor musical
Material funxible: convencionais e non convencionais
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)
Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular: Currículo, P.E...
Material artístico: pinturas, plastina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc...)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido: todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea. (parques, biblioteca Concello, etc...)
Instrumentos musicais.

AMBIENTE DE APRENDIZAXE

Os espazos, cumpren as condicións de funcionalidade, habitabilidade, versatilidade e seguridade necesarias para adaptarse ás necesidades do alumnado.

As aulas contemplan distintos recantos de traballo (lóxica, lecto-escritura, artísticos), de investigación (co material dos proxectos, ordenadores, científicos) e outros de socialización e desenvolvemento da expresión (biblioteca, xogo simbólico, construcións) . Neles traballarase de xeito globalizado o que favorecerá o seu desenvolvemento integral. Ademais, a súa disposición permitirá o desenvolvemento da súa autonomía xa que permitirá ao alumnado acceder aos materiais e moverse con certa liberdade.

Outros espazos que se van a utilizar son aqueles situados fóra da aula: aula de informática, de música, patios, horto e galiñeiro, biblioteca...

Con respecto aos materiais, os que podemos atopar nas nosas aulas son de diverso tipo pero, en calquera caso,

buscan ser interesantes para o alumnado, terán que servir de apoio aos mestres na formulación e consecución dos obxectivos e deberán cumprir os requisitos de seguridade, limpeza e manexabilidade.

Os materiais pedagóxico-didácticos teñen unha procedencia diversa: reciclado, mercado, aportado polas familias, elaborados polos mestres e mestras, da natureza... Estará debidamente etiquetados, ao alcance do alumnado e distribuídos funcionalmente polos distintos recantos. Dentro deste material inclúense as novas tecnoloxías da información como son o encerado dixital, o proxector, o ordenador e os seus complementos, etc.

En cada clase haberá: construcións, crebacabezas, xogos de material simbólico (cociña, bonecos, supermercado, coches,...), xogos de mesa (dominós, xogos de observación,...), xogos de motricidade fina (ensartables,...) e de expresión (contos, pinturas, plastilina,...).

Finalmente, a distribución dos tempos na Educación Infantil é flexible e atende ás necesidades de cada momento e do alumnado. Para iso, tivemos en conta catro factores fundamentais: a idade dos nenos/as, o potencial motivador das actividades, a súa natureza e o momento do día no que se van levar a cabo as propostas.

Para organizar a aula seguiuuse o establecido na Orde do 22 de xullo do 1997, partindo, ademais, da estrutura deseñada polo Xefe de Estudos e o enfoque globalizador que nos preside.

A estrutura principal basearase nas rutinas. Entre elas atópase a chegada á clase, a asemblea, o tempo de traballo (en gran grupo, pequeno grupo e individual), o paso polos recantos, recreos, volta a calma, obradoiros, despedida..,

Estas rutinas veranse modificadas polo horario dos especialistas (relixión, música, educación física, inglés e mestres de apoio) establecido polo Xefe de Estudos e polas distintas actividades complementarias: conmemoracións, saídas...

PAPEL DO PROFESORADO

Os mestres/as deberán garantir a posibilidade de que os rapaces potencien as súas posibilidades e habilidades. Para iso, ademais do mencionado nos puntos anteriores, terán que ter en conta a diversidade das aulas, o que supón pola nosa parte unha análise e reflexión sobre o alumnado, aceptando os intereses de cada un, así como as diferentes capacidades e características persoais.

É por iso que é necesario planificar e levar a cabo unha serie de estratexias que garanten esta atención á diversidade da aula. Entre elas, atopámonos as seguintes:

- Axustar o tempo das actividades de aprendizaxe de tal maneira que nos permita dar cabida aos distintos ritmos de cada alumno.

- Adecuar a metodoloxía ás necesidades do momento.

- Adecuar cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado. É este o motivo que nos leva a planificar actividades de reforzo e ampliación.

Ademais, a programación está deseñada cun carácter flexible e aberto o que favorece que unha mesma actividade se poida facer de forma diferente segundo as diferenzas individuais.

Finalmente, atendendo ao recollido no Decreto 150/2022 do 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil, desde a titoría coordinarase a intervención educativa do conxunto do profesorado que imparte docencia na mesma aula.

D) PAPEL DO ALUMNADO

Tal e como recollen autores como Ausubel, é fundamental ter en conta os coñecementos previos do alumnado para chegar a unha aprendizaxe significativa. Para iso as metodoloxías que se levarán a cabo lles permitirá ser exploradores activos e estar en contacto con múltiples fontes de coñecemento. Así poderán apreciar as súas posibilidades, os esforzos seus e os dos demais, formular hipóteses, anticipar accións, reflexionar...fortalecendo, ademais, a súa autoestima.

AGRUPAMENTOS

- As actividades en gran grupo van a ser representadas principalmente polas asembleas, pero tamén nas escoitas activas, exposicións, debates...

- Os recantos serán parte das actividades en pequeno grupo que favorecerán a cooperación e a asignación de

tarefas. Ademais permitirán unha maior atención individualizada pola nosa parte. Para o xogo en recantos organizarase o seu uso de xeito individual ou grupos estables garantindo a desinfección posterior ao seu uso tanto do espazo como dos xoguets usados. Estes materiais non serán de moitas pezas

- Finalmente, as actividades individuais serán necesarias para promover a autonomía, a responsabilidade e a autoxestión.

Por último, tal e como se mencionou anteriormente, nalgúns niveis da etapa poñerase en marcha unha serie de actividades que se levarán a cabo a través de equipos cooperativos que terán como finalidade, ademais da aprendizaxe dun mesmo, a mellora do grupo.

Nas aulas haberá momentos para traballar en distintas formas de agrupamento favorecendo tanto o traballo individual como a socialización dos pequenos no traballo en grupo.

APERTURA AO CONTORNO

Moitas persoas interveñen no proceso de ensinanza -aprendizaxe: tanto os rapaces, os especialistas, persoal de apoio e a comunidade educativa, incluíndo as familias, etc.

Queremos subliñar a relación coas familias xa que de ela depende levar a cabo unha educación coherente que deberá guiar a cada alumno nunha única dirección. A participación da familias na escola é fundamental xa que a aprendizaxe dos nenos e das nenas de 3 a 6 anos está moi centrada nas súas vivencias, nas rutinas da vida cotiá. Debe existir unha continuidade entre o que fan dentro da escola e o que fan fóra dela. Os docentes deben ser conscientes disto e requirir a colaboración delas para conseguir esta continuidade. A existencia de relacións fluídas entre a familia e a escola vai permitir que se teñan criterios comúns e pautas homoxéneas de actuación que favorecerán o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento harmónico da personalidade dos nenos e das nenas.

É necesario que esta relación sexa fluída e baseada na confianza mutua. A normativa actual facilita a relación coas familias na vida do centro a través de dúas vías fundamentais:

A vía formal, na xestión do Centro a través do Consello Escolar e na ANPA seguindo o re- collido no Decreto 374/1996 do 17 de outubro e na Orde de 22 de xullo de 1997.

Tamén nas reunións que a mesma lexislación establécense para todo o curso:

- A primeira reunión na que participará todo o equipo de ciclo, o orientador e o director.

Aportarase ás familias a información relevante en canto á organización, funcionamento...

- Reunións trimestrais de aula onde se lles informará de forma xeral sobre o desenvolvemento das xornadas.

- Ademais, manteremos dentro do horario lectivo de permanencia no centro unha hora de titoría semanal onde pódese achegar información sobre un alumno/a concreto.

- Finalmente, e atendendo ao recollido no Decreto 150/2022 do 8 de setembro, a persoa titora informará regularmente ás familias, como mínimo trimestralmente.

E por vía informal existen distintos momentos ao longo das xornadas para ter contacto coas familias: na participación directa e indirecta nas actividades da aula, entradas e saídas, actividades complementarias, os blogs de aula e web do centro, información nas circulares...

Biblioteca escolar

No centro existe unha biblioteca escolar que será un recurso para as actividades e aprendizaxes. En cada aula haberá unha pequena biblioteca cunha selección de libros que será renovada periodicamente para o manexo do alumnado (caixas viaxeiras).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.

- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado.

- Información aportada polas familias ou tutores legais na entrevista inicial.
 - Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno
- Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado polo mestre/a.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, porase especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características persoais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade, igualdade de oportunidades, e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da linguaxe, razoamento, atención, etc)

Adequaremos sempre a estrutura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Adequar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículo axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as liñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da linguaxe, o razoamento e a atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferenzas.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas STEM para aquel alumnado que o necesite.

- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempre desde un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servizos sanitarios, sociais,etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar			
Contacontos	En cada unidade invitaremos a unha persoa familiar do alumnado para que veña a contar un conto relacionado coa materia que estamos a traballar			
Saída de campo	En cada unidade realizaremos unha saída para afondar no traballo na aula			
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso			
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa,tapóns,...			
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza			
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos
Existe coordinación co equipo docente
Promóvese a participación das familias
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza para poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados